

Procedemento: Convocatoria 2024 de subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia.

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

## ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 29 de decembro de 2023 publícase a Resolución do 30 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT215B).

2. O artigo 16 desta convocatoria recolle que para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, nomeada pola dirección da Agadic, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas presentes bases, e que estará formada por catro membros: tres persoas expertas de recoñecido prestixio no ámbito do audiovisual e/ou cultural entre as que se nomeará o/a presidente/a, e dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, unha das cales exercerá as funcións de secretario/a, con voz pero sen dereito a voto.

A base recolle tamén que "a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso".

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto



RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o seu artigo 16, terá a seguinte composición:

- Como persoas expertas de recoñecido prestixio no ámbito do audiovisual e/ou cultural:

Saioa Riba Inda, en calidade de presidenta  
Jaime Fernández de Alarcón Muguruza, en calidade de vogal  
Ángel Ruiz Suanzes, en calidade de vogal

- Como persoas pertencentes ao cadro de persoal da Agadic:

Mónica García Iglesias, en calidade de vogal  
María Dolores Meijomín Rodríguez, en calidade de secretaria

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic  
Jacobo Sutil Nesta

